

Compostela, 12-VIII-62

Sr. D. Luis Seoane
B. AIRES

Benquerido e lembrado Luis:

Hai días, o matrimonio Diaz pasou pola miña casa e deixou, da tua parte, unha fermosísima xoia bibliográfica: "DEL DIARIO POÉTICO DE MIGUEL DE UNAMUNO". Sim-
tin ben non estar na casa cando vineron, que foi un día que eu andaba acompañando a Prada. Como estaban de paso, non chequei a velos. E non che escribín antes porque alguén me dixo que te cambiaras de casa - cando que foi o diate - e tiveren que percurar as novas señas.

Con todo o rarecho io egotista que era o gran don Miguel, estou certo que se quedarías admirado, si a vise, da espléndida edición que lle fixestes ós seus poemas. E, dende logo, non é pra menos, porque o libro é moi fermoso. Figúrome que nunca rónou con ver os seus poemas ~~tan~~ editados tan maravillosa-

mente.

Ben se pode decir, meu querido Seoane, que eres ti un dos que máis teñen contribuído á dimensión - á categorización - estética do libro hispánico no século XX. A tua actividade artística é moi ampla e diversa, pro unha das facetas dela que non deberán esquecerse é precisamente a de renovación e valorización estética do libro.

Muito che agradezo que me teñas enviado un exemplar adicado. Tanto a Isabel como a min produciunos gran emoción. Os dous lembramos con frecuencia e sempre con agrado as horas fugaces que pasamos xuntos e que pra nós son inesquecentes.

Pasou por aquí Francisco Romero, que é, por certo, gran amigo e admirador teu. Acompañámosto unha tarde polas Rías Baixas. Ademais do seu interese intelectual, que eu xa coñecía a través da súa actividade filosófica, ten tamén un gran interese humano.

Dixome o Dieste que andabas matinando en vir a Galicia. Ben sabes canto me alegraría. Luen veu, como sabes, foi Arturo Souto. Aínda nono vin.

Ahí en B. Aires editaron os rapaces unha tradución castelán dos dous ensaios que eu escribin en col de Saudade. Acabo de recibir uns cantos exemplares. Inda que ti xa os coñeces na súa versión orixinal, mándoches un exemplar.

Muitos saúdos meus a Maruxa e de Isabel pra ti. Unha forte e cordial aperte do teu amigo certo

Ramón Piñeiro